



... ferreiro
come as verdes coas maduras
para que non andes descalzo
fareiche unhas ferraduras.

O campo da túa horta
bota muitas calabazas
agora que temos tempo
dirasme cuando te casas.

...
detrás da costa
e cando vai para a igrexa
sempre ten a ghorra posta.

Teño oficio de ferreiro
como as verdes coas maduras
para que non andes descalzo
fareiche unhas ferraduras.

... a regueifa
traballo por traballar
cantaremoslle a regueifa
e non trates de abusar.

Ti parece que tes medo
traballo por traballar
e se tiña moito medo
xa vaite para o teu lugar.

Non vivas tan a codeso
na feira de Monterroso
vinte cinco xastres xuntos
a cabalo dun raposo.

Canta pa diante Andrés meu
que te hei de chamar ao baile
senón non empezaras ti
eu xa estaba acabando.



Eu subín por unha corda
e baixeí por unha agulla
como non trates de eso
heiche de mandar pa a Coruña.

Muito vive asustado
muito vive asustado
aínda que estas mozas todas
che derán moito traballo.

Ese íame mandar ao río
e coller as troitas todas
e levalo gardarríos
para que chas levara todas.

Imos cantala regueifa
que a cantamos moitas veces
na barreira San Foja
moito limpástelas mesas.

Imos indo logo un pouco
vamos indo pa o nordés
se tratamos de Baíñas
mira que bonito muito non es.

Bailan os novios
traballo por traballar
vamos partir a regheifa
e vamos pra o noso lugar.